

EDICTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DOS CENTROS COMUNITARIOS INTEGRADOS “MANUELA PÉREZ SEQUEIROS” E “CASAS DA MARIÑA” DO CONCELLO DE NARÓN.

Aprobado inicialmente polo Pleno municipal na sesión celebrada o 24 de setembro de 2020, o REGULAMENTO DOS CENTROS COMUNITARIOS INTEGRADOS “MANUELA PÉREZ SEQUEIROS” E “CASAS DA MARIÑA” DO CONCELLO DE NARÓN; e sometido este acordo a exposición pública mediante anuncio unitario publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 162, de 29 de setembro de 2020, sen que se produxera alegación ningunha, enténdese, de conformidade co disposto no artigo 49 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, definitivamente aprobado, publicándose integramente o seu texto definitivo.

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS CENTROS COMUNITARIOS INTEGRADOS MANUELA PÉREZ SEQUEIROS, E CASAS DA MARIÑA

PREÁMBULO 3

CAPÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 1.- OBXECTO

ARTIGO 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

CAPÍTULO II. DATOS DOS CENTROS

ARTIGO 3.- DATOS IDENTIFICATIVOS DOS CENTROS

ARTIGO 4.- TITULARIDADE

ARTIGO 5.- AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS

ARTIGO 6.- XESTIÓN

ARTIGO 7.- CAPACIDADE DOS CENTROS

CAPÍTULO III. OBXECTIVOS DOS CENTROS

ARTIGO 8.- OBXECTIVOS DOS CENTROS COMUNITARIOS INTEGRADOS

CAPÍTULO IV. DOS SERVIZOS DOS CENTROS

ARTIGO 9.- CLASIFICACIÓN DOS SERVIZOS A PRESTAR POR ÁREAS ORGANIZATIVAS

CAPÍTULO V. FUNCIONAMENTO

ARTIGO 10.- CALENDARIO E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO

CAPÍTULO VI. PROGRAMACIÓN E ACTIVIDADES DOS CENTROS

ARTIGO 11.- PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES

11.1.- Participación nas actividades

11.2.- Publicidade

11.3.- Solicitudes

ARTIGO 12.- SERVIZOS DE RESTAURACIÓN, HOSTALARÍA E LECER

12.1.- Cafetaría

12.2.- Comedor

12.3.- Eventos sociofamiliares e outros

12.4.- Actuacións, eventos e excursións.

CAPÍTULO VII. NORMATIVA DE CONVIVENCIA

ARTIGO 13.- DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

ARTIGO 14.- DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

ARTIGO 15.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO

15.1.- Normas de hixiene persoal

15.2.- Normas de desenvolvemento das actividades

ARTIGO 16.- FOMENTO DA IGUALDADE

ARTIGO 17.- A LINGUA VEHICULAR

ARTIGO 18.- FOMENTO DA PARTICIPACIÓN

CAPÍTULO VIII. RÉXIME DE COBRAMENTO

ARTIGO 19.- COBRAMENTO, PERÍODO E FORMA DE PAGO

ARTIGO 20.- LIBROS DE RECLAMACIÓNS

CAPÍTULO IX. RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 21.- RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 22.- SOBRE AS INFRACCIONES

ARTIGO 23.- INFRACCIÓNS LEVES

ARTIGO 24.- INFRACCIÓNS GRAVES

ARTIGO 25.- INFRACCIÓNS MOI GRAVES

ARTIGO 26.- SANCIÓNS

ARTIGO 27.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR

DISPOSICIÓN ADICIONAL

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓNS FINAIS

PREÁMBULO

Os Centros Comunitarios Integrados Manuela Pérez Sequeiros e Casas da Mariña son uns equipamentos municipais que cumpren unha función eminentemente social e comunitaria, proporcionando ás persoas usuarias unha atención integral sen distinción de raza, sexo ou condición económica ou social, a través dunha programación global que garanta o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral de toda a comunidade, con especial atención ás persoas maiores residentes no Concello de Narón.

O Centro Comunitario Integrado Manuela Pérez Sequeiros comparte instalacións co Centro de Día para persoas maiores de Narón, non sendo este último obxecto deste regulamento.

Os centros comunitarios integrados cooperarán estreitamente cos outros dispositivos municipais có fin de facilitar a relación comunitaria, a conciliación da vida familiar e laboral, e conseguir a mellor integración entre os centros e as familias.

Os centros desenvolverán un proxecto baseado nos principios de liberdade, igualdade, solidariedade, diversidade, interculturalidade, interxeneracionalidade e respecto dos demais, e, con especial atención das persoas maiores, tal como se contempla nas Convencións e Dereitos Internacionais.

CAPÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 1.- OBXECTO

O presente regulamento ten por obxecto establecer as normas de organización e funcionamento dos centros comunitarios, así como establecer as condicións de uso e participación na súa actividade.

ARTIGO 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente regulamento será de aplicación a todas as persoas usuarias do centros comunitarios.

CAPÍTULO II. DATOS DOS CENTROS

ARTIGO 3.- DATOS IDENTIFICATIVOS DOS CENTROS

O Centro Comunitario Integrado Manuela Pérez Sequeiros está situado na Rúa Maria Casares, s/n, 15570 – Narón.

O Centro Comunitario Integrado Casas da Mariña está situado na Rúa Illa de San Vicente número 1, 15570 – Narón.

ARTIGO 4.- TITULARIDADE

Os centros comunitarios integrados son de titularidade municipal, sendo o Concello de Narón unha entidade local prestadora, entre outros, de servizos sociais, inscrito no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co núm. E-1184, con domicilio social en Praza de Galicia número 1, 15570 – Narón.

ARTIGO 5.- AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS

O Centro Comunitario Integrado Manuela Pérez Sequeiros ten concedido pola Consellería competente da Xunta de Galicia, con data 11 de febreiro do 2010, permiso de inicio de actividades, inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de identificación E1184C007.

O Centro Comunitario Integrado Casas da Mariña ten concedido pola Consellería competente da Xunta de Galicia, con data 13 de marzo do 2001, permiso de inicio de actividades, inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de identificación E1184C005.

ARTIGO 6.- XESTIÓN

Os centros teñen actualmente réxime de xestión indirecta, sen prexuízo da fiscalización e control da xestión económica, e de funcionamento, polo Concello de Narón, en virtude do contrato de xestión de servizo público e da lexislación aplicable.

ARTIGO 7.- CAPACIDADE DOS CENTROS

Centro Comunitario Integrado Manuela Pérez Sequeiros

Número total de prazas: 442 aforo simultáneo

Destas 442 prazas, 40 están reservadas para as persoas usuarias do Centro de Día, xa que ao compartir instalacións, as persoas usuarias do Centro de Día adquiren a condición de usuarias do Centro Comunitario Integrado Manuela Pérez Sequeiros.

Centro Municipal Integrado Casas da Mariña

Número total de prazas: 150 aforo simultáneo

CAPÍTULO III. OBXECTIVOS DOS CENTROS

ARTIGO 8.- OBXECTIVOS DOS CENTROS COMUNITARIOS INTEGRADOS

Son obxectivos xerais destes centros:

- Servir de espazo de encontro para promover a convivencia no ámbito interxeracional e comunitario do Concello de Narón.
- Facilitar a integración, participación, solidariedade e relación co medio social, canalizando cara ó Concello as aspiracións, inquietudes e necesidades da poboación, dende unha perspectiva comunitaria.
- Servir de apoio para a prestación de servizos sociais e asistenciais, e para a realización de actividades socioeducativas e socioculturais dentro do ámbito local.
- Fomentar a conciencia das persoas usuarias da súa condición de membros perfectamente integrados na sociedade, contribuíndo ao mesmo tempo á prevención de situacións de illamento da poboación.

Son obxectivos específicos destes centros:

- Prestar servizos socioculturais, socioeducativos, ocupacionais, e de carácter terapéutico de baixa complexidade, hostaleiros e do lecer.
- Mellorar a calidade de vida das persoas, e en especial das maiores, no Concello de Narón.
- Promover e fomentar a participación social e desenvolvemento da veciñanza.
- Facilitar a conciliación entre a vida familiar e laboral.
- Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio elevando o nivel de autoestima das persoas en xeral, e das maiores en particular.
- Facilitar o desenvolvemento das personalidades e valores individuais, encamiñado á propia autorrealización e autonomía, e de valores sociais básicos, coma a cooperación, solidariedade, respecto, convivencia en igualdade, etc.
- Facilitar o acceso, e estimular o interese das persoas, en especial das maiores, ós bens educativos, culturais e artísticos.

CAPÍTULO IV. DOS SERVIZOS DOS CENTROS

ARTIGO 9.- CLASIFICACIÓN DOS SERVIZOS A PRESTAR POR ÁREAS ORGANIZATIVAS

A seguinte clasificación de servizos non é unha relación pechada, senon que establece as áreas nas que se poderá actuar.

- Área de servizos de mantemento psicofísico.

Mantemento de saúde física e psicolóxica, de baixa complexidade, relacionadas co coidado do corpo.

- o Hidroterapia
- o Podoloxía
- o Ergonomía postural e articular
- o Acupuntura
- o Perruquería
- o Psicomotricidade e xogos
- o Outros da mesma natureza.

- Área de servizos socioculturais e socioeducativos de base ocupacional

Estímulo de dimensións intelectuais, musicais, artísticas, manipulativas, e de relación grupais, e ocupación do tempo libre.

- o Comunicación e novas tecnoloxías.
- o Obradoiros de manualidades téxtis, de madeira, coiro, etc...
- o Obradoiros de pintura, debuxo, etc...
- o Obradoiros de saúde e benestar
- o Aula de viaxes e sendeirismo.
- o Xogos populares
- o Charlas, información e tertulias.

- o Obradoiros múltiples de base ocupacional, e outros da mesma natureza.
- o Obradoiros de música coral.
- o Obradoiro de estimulación mental
- o Obradoiro de ioga e relaxación
- o Musicoterapia
- o Ximnasia rehabilitadora
- o Outros
- Área de servizos de hostalería e restauración.
 - Servizos de comedor, restauración en xeral.
 - Servizos de cafetería.
- Área de servizos e de lecer.
 - Organización de viaxes, bailes sociais, veladas, reunións, etc...
 - Organización de excursións, rutas guiadas.

CAPÍTULO V. FUNCIONAMENTO

ARTIGO 10.- CALENDARIO E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO

O horario de apertura e peche, con carácter xeral, será o seguinte por cada centro:

Manuela Pérez Sequeiros de luns a sábado de 8:30 a 22:00 horas, excepto os meses de verán, que será de 8:00 a 22:00 horas. Permanecerá pechado domingos e festivos.

Casas da Mariña de 9:00 a 21:00 horas durante todo o ano, incluídos domingos e festivos.

Por razóns excepcionais ou de conveniencia, e atendendo ao interese xeral da cidadanía, por resolución da Alcaldía poderá variarse o citado horario.

CAPÍTULO VI. PROGRAMACIÓN E ACTIVIDADES DOS CENTROS

ARTIGO 11.- PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES

11.1.- Participación nas actividades

A participación nas actividades e servizos será voluntaria e estará aberta a tódalas persoas que cumpran os requisitos establecidos para a realización de cada actividade.

Para os servizos e actividades que estean suxetos a prezo, será requisito imprescindible realizar a inscrición e abonar o prezo público pertinente da Ordenanza Fiscal Municipal.

Nas actividades e programas específicos para maiores, as prazas vacantes poderán ser cubertas por outras persoas con necesidades específicas, debidamente acreditadas con informe facultativo.

11.2.- Publicidade

A dirección do centro colocará en lugares visibles, e en todo caso nos taboleiros informativos, o anuncio das actividades programadas e os seus horarios con tempo suficiente para que a información chegue ao maior número de persoas.

11.3.- Solicitudes

A presentación das solicitudes efectuarase dentro do prazo sinalado pola dirección do centro. Unha vez rematado o prazo concedido, procederase á selección por rigorosa orde de inscrición, confeccionándose lista ao efecto, que deberá ser exposta no mesmo lugar no que se publicou o prazo para a presentación de solicitudes, pasando as persoas non seleccionadas a unha lista de agarda.

ARTIGO 12.- SERVICIOS DE RESTAURACIÓN, HOSTALARÍA E LECER

12.1.- Cafetería

A utilización da cafetería será de libre acceso nos horarios contemplados neste regulamento, coas limitacións ás normas de convivencia, e leva aparelado o pago dos consumibles, segundo os prezos públicos establecidos na Ordenanza Fiscal Municipal aplicable.

Non se poderán realizar consumicións máis que nas zonas habilitadas ao efecto.

O persoal que presta os servizos nos centros poderá utilizar tamén os servizos de cafetería e comedor.

12.2.- Comedor

O comedor do centro estará suxeito a prezo público, determinado pola Ordenanza Fiscal Municipal. Os prezos dos servizos que se prestan nos centros serán expostos ás persoas usuarias en lugar visible.

Haberá un menú diario que será coñecido polas persoas cun mes de antelación, para o que será exposto no taboleiro de anuncios.

12.3.- Eventos sociofamiliares e outros

Poderán organizarse eventos sociofamiliares, xornadas gastronómicas tradicionais, degustacións e comidas comunitarias. Os prezos serán os determinados pola Ordenanza Fiscal Municipal.

12.4.- Actuacións, eventos e excursións.

A entrada para actuacións ou eventos, ordinarios ou extraordinarios, serán os contemplados na Ordenanza fiscal Municipal.

CAPÍTULO VII. NORMATIVA DE CONVIVENCIA

ARTIGO 13.- DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas usuarias dos centros comunitarios integrados terán os seguintes dereitos:

- a) Acceso e utilización dos centros de conformidade sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- b) A ser respectadas polo persoal ao servizo do centro e polas demais persoas usuarias do mesmo.
- c) A participar real e efectivamente nas actividades que se realicen en e desde o centro, colaborando no seu bo funcionamento.
- d) A garantirlle a confidencialidade dos seus datos de carácter persoal.

ARTIGO 14.- DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

Son deberes das persoas usuarias:

- a.-Respectar e cumprir este Regulamento, e as normas de réxime interior que rexen o funcionamento dos Centros Comunitarios Integrados.
- b.-Respectar os acordos que en cada momento poidan adoptarse pola Alcaldía ou concellería delegada de área.
- c.- Colaborar no cumprimento dos fins dos Centros.
- d.- Respectar as normas de conducta e convivencia propias dos Centros.
- e.- Tratar co debido respecto e consideración ao persoal dos centros, así como ás demais persoas usuarias, evitando todo tipo de discusións, desconsideracións, maltrato de palabra, así como altercados e riñas.
- f.- Facer bo uso das instalacións e recursos materiais dos Centros.
- g.- Poner en coñecemento da dirección do centro calquera anomalía e irregularidade se observe no el funcionamento dos Centros.
- h.- Facilitar á entidade os datos que lle sexan requiridos.
- i.- Non falsear datos.
- j.- Comunicar a alteración das circunstancias ou requisitos que determinen o outorgamento ou a continuidade das actividades.

O incumprimento dos deberes a que se fai mención neste artigo, poderá dar lugar a unha sanción, nos termos que se fixarán no réxime sancionador previsto neste Regulamento.

ARTIGO 15.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO

15.1.- Normas de hixiene persoal

Deberán cumprirse as pautas establecidas nas normativas específicas para cada área o servizo que garantan a atención persoal (aseo, hixiene) e coidados básicos, no seu caso, segundo as necesidades de cada usuario.

15.2.- Normas de desenvolvemento das actividades

Para unha mellor convivencia deberán respectarse os horarios previstos para a realización das distintas actividades.

Caso de que unha persoa usuaria non poda acudir durante mais dun día a unha actividade programada por enfermidade ou outra causa xustificada, deberá comunicalo ao centro.

No desenvolvemento de cada actividade, só se admitiran un máximo de seis faltas, consecutivas, en cada convocatoria. De ser o caso procederase á baixa de oficio.

ARTIGO 16.- FOMENTO DA IGUALDADE

1. Os centros promoverán a igualdade como valor fundamental de convivencia entre as persoas usuarias. A este fin programará actividades para promover a igualdade entre as persoas usuarias en xeral, e os maiores en particular, e evitalos comportamentos e as actividades discriminatorias por razón de sexo.

2. Os centros prestarán especial atención ó fomento da coeducación e a corresponsabilidade interxeneracional e comunitaria, como instrumento de igualdade.

ARTIGO 17.- A LINGUA VEHICULAR

A lingua será un vehículo para a comunicación entre as persoas e non unha barreira para o entendemento. A lingua utilizada en cada grupo será a predominante entre as persoas usuarias que forman parte del, e atenderase de xeito individualizado a aquelas persoas usuarias do grupo que non teñan coñecemento suficiente desta. En calquera caso estimularase o coñecemento de utilización da lingua galega.

ARTIGO 18.- FOMENTO DA PARTICIPACIÓN

A dirección dos centros fomentarán a colaboración das persoas usuarias, así coma facilitarán os contactos e reunións do persoal con eles.

CAPÍTULO VIII. RÉXIME DE COBRAMENTO

ARTIGO 19.- COBRAMENTO, PERÍODO E FORMA DE PAGO

En todo o referente ao réxime de cobramento, período, e forma de pago, estarase ao disposto na Ordenanza Fiscal Municipal de aplicación que anualmente se aproba e publica no BOP

ARTIGO 20.- LIBROS DE RECLAMACIÓN

Os centros contan cun Libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias, así como cunha caixa de suxestións, que se atopan nun lugar visible.

A dirección dos centros poñerá en coñecemento do Concello de Narón e da Inspección de Servizos Sociais dependente da Xunta de Galicia o contido das reclamacións no prazo máximo de tres días hábiles contados a partir da súa presentación, agás nos casos en que se requira unha comunicación inmediata.

CAPÍTULO IX. RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 21.- RÉXIME SANCIONADOR

O Concello de Narón exercerá a potestade sancionadora, sen prexuízo das competencias atribuídas pola lexislación vixente aos titulares doutras Administracións Públicas, en concreto a Lei 13/2008, do 3 de decembro, Lei de Servizos Sociais de Galicia.

ARTIGO 22- SOBRE AS INFRACCIONES

1.- Constitúen infraccións do réxime sancionador das persoas usuarias dos centros as accións e omisións tipificadas e sancionadas neste capítulo.

2.- As infraccións do presente regulamento clasifícanse en leves, graves e moi graves.

3.- Enténdese por reincidencia, para os efectos deste regulamento, a comisión dunha infracción logo de que a persoa usuaria fose sancionada, mediante resolución administrativa firme, por esa mesma infracción ou por outra de gravidade igual ou maior ou por dúas ou mais infraccións de gravidade inferior, durante os dous últimos anos.

ARTIGO 23- INFRACCIONES LEVES

Consideraranse infraccións leves calquera incumprimento do presente regulamento ou das normas de funcionamento que, pola natureza ou gravidade non sexan tipificadas como graves ou moi graves.

Se consideran faltas leves:

- a.- As actitudes incorrectas no trato, ou desconsideradas, ás demás persoas usuarias ou personal dos Centros.
- b.- O mal uso, non imputable á idade ou enfermidade, das instalacións e demais recursos materiais dos Centros.
- c.- Aquelas que pola súa gravidade non sexan tipificadas como graves o moi graves.

ARTIGO 24.- INFRACCIONES GRAVES

Terán a consideración de infraccións graves:

a) Non facilitar á entidade ou órgano da administración os datos que lle sexan requiridos ou falsear datos ou non comunicar a alteración das circunstancias ou requisitos que determinen o outorgamento ou a continuidade da prestación.

b) O incumprimento deste regulamento ou das normas de funcionamento cando ocasionen prexuízos notorios na prestación do servizo ou produzan danos ou prexuízos graves a outras persoas usuarias ou persoal traballador.

c) A reincidencia na comisión de infraccións leves.

ARTIGO 25.- INFRACCIÓN S MOI GRAVES

Terán a consideración de infraccións moi graves:

a) Atentar gravemente aos dereitos fundamentais das persoas.

b) Provocar desordes e alteracións moi graves no servizo que fagan imposible a continuidade da prestación.

c) A agresión física, acoso ou malos tratos cara ao persoal dos centros, ao resto de persoas usuarias ou das persoas visitantes.

d) Ocasionar danos ou subtraer bens do centro, doutras persoas usuarias, do persoal traballador ou, se é o caso, das persoas visitantes.

e) A falta inxustificada de pagamento.

f) A reincidencia na comisión de infraccións graves.

ARTIGO 26.- SANCIÓN S

As infraccións sancionaranse da forma seguinte:

a) Infraccións leves:

- Apercibimento público

- Suspensión dos dereitos de participación das persoas usuarias ou restrición na participación nalgunhas actividades, por un período non superior a 15 días.

b) Infraccións graves:

- Suspensión dos dereitos de participación da persoa usuaria ou restrición na participación nalgunhas actividades, por un período non superior a seis meses.

- Suspensión temporal da prestación do servizo por un período non superior a tres meses.

c) Infraccións moi graves:

- Suspensión temporal da prestación do servizo por un período non superior a seis meses.

- Revogación da adxudicación da praza temporal ou definitivamente.

ARTIGO 27.- PROCEDIMENTO SANCIONADOR

O procedemento sancionador das infraccións tipificadas neste regulamento axustarase ao previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Os centros disporán dun tablón de anuncios nun lugar visible para as persoas usuarias e familiares, no cal, como mínimo se exporá:

a) Autorización de funcionamento do centro

b) Ordenanza Fiscal Municipal de prezo público

c) Avisos sobre a dispoñibilidade de folia de reclamacións

Os centros disporán de taboleiros informativos adicados a anuncios de carácter institucional (campañas de información, solidariedade, etc), cívico (conferencias, manifestacións, convocatorias, etc), e actos funerarios (funerais, enterramentos, etc...) así coma outra información social de similar natureza. A publicidade que se realice non poderá ter carácter comercial.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

O presente regulamento derroga expresamente calquera outra regulamentación anterior.

DISPOSICIÓN S FINAIS

1.- Facúltase á Alcaldía–Presidencia do Concello de Narón a ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento do presente regulamento.

2.- A presente norma entrará en vigor unha vez publicado o seu texto no BOP, e así que transcorra o prazo de 15 días ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, transcorrido o cal, sen haber alegacións, entenderase definitivamente aprobado.